



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)

WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

**DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DATAS PARA A BAREMACIÓN DOS MÉRITOS E DAS PROBAS E O NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL DE RELEVO DO POSTO DE CAPATAZ DE SERVIZOS, POR XUBILACIÓN PARCIAL**

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte do proceso de provisión de contratación laboral de relevo do posto de capataz de servizos, por xubilación parcial, tal e como establece a base quinta das bases da convocatoria, non habendo aspirante excluídos/as, e por tanto non se establece prazo de subsanación, polo tanto procédese a realizar directamente a publicación da lista definitiva de aspirantes admitidos, a composición do tribunal cualificador, o día, a hora, e lugar no que se realizarán as probas de selección, esta Alcaldía resolve:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e facer publica a lista definitiva de admitidos e excluídos con indicación das causas de exclusión á convocatoria referida, conforme consta no Anexo da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Designar como membros titulares e suplentes do tribunal cualificador:

**PRESIDENTE**

**TITULAR:** Juan Corral Sánchez. Funcionario do Concello de Boqueixón.

**SUPLENTE:** Anselmo Caeiro Villar. Funcionario do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIO:**

**TITULAR:** Elena Suárez Rodríguez. Secretaria-Interventora do Concello de Boqueixón.

**SUPLENTE:** Adela Lamega Arteaga. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAIS:**

**TITULAR:** Rosario Iglesias Iglesias. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SUPLENTE:** Ana Beatriz Díaz Míguez. Funcionaria do Concello de Boqueixón.  
Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**TITULAR:** María Victoria Negrín Blanco. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SUPLENTE:** Rosario Canabal Vázquez. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**TITULAR:** Pilar Pazos Santasmarinas, Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SUPLENTE:** Lourdes García Abeijón. Funcionaria do Concello de Boqueixón.

**TERCEIRO.-** Convocar á Tribunal cualificador para a baremación de méritos e probas de selección:

Baremación de méritos.

Data: 11 de febreiro de 2016

Hora: 9:30 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de Forte s/n-Boqueixón

Para a realización das probas:

Data: 12 de febreiro de 2016, a partir das 9:30 horas proba escrita e a continuación as probas practicas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg.Forte s/n-Boqueixón)

**CUARTO.-** Convocar ós aspirantes para a realización da fase das probas, no lugar e data que a continuación se detalla:

**A) PROBA ESCRITA:**

Data: 12 de febreiro de 2016, a partir das 9:30 horas proba escrita

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg.Forte s/n-Boqueixón)

**B) PROBAS PRÁCTICAS:**

Data: 12 de febreiro de 2016, a partir das 10:30 horas as probas prácticas.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón (Lg.Forte s/n-Boqueixón). Aínda que poderá acordar o tribunal un emprazamento distinto. Neste caso o desprazamento dos aspirantes realizarase cun vehículo e persoal do concello.

**Os aspirantes deberán comparecer provistos de DNI ou documento identificativo, e bolígrafo azul.**

**QUINTA.-** Notificar ós membros da Comisión Seleccionadora, seu nombramento, facilitándolles copia do listado dos aspirantes definitivamente admitidos, quedando sometidos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29, respectivamente, da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

**SEXTA.-** Publicar a presente resolución no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Boqueixón, na páxina WEB e notificar a mesma ós integrantes da Comisión seleccionadora.

Boqueixón, 5 de febreiro de 2016

O alcalde de Boqueixón

Asdo: Ovidio Rodeiro Iago





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

ANEXO

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

Núm.	APELIDOS E NOME	DNI
1	AGRELO GARCIA JOSÉ OLIMPIO	[REDACTED]
2	FANDIÑO ABRALDES LUIS	[REDACTED]
3	PICO TRINIDAD DANIEL	[REDACTED]
4	MIGUEL REGUEIRO ANA	[REDACTED]
5	MIGUEZ REGUEIRO DAVID	[REDACTED]



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

18  
Teléfono: 981- 5130 52  
Fax: 981- 5130 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Con data 20 de xaneiro de 2016, rexistro de entrada número 16/107, don José Manuel Canabal Vázquez, en calidade de presidente da Asociación Cultural a Filloa de Lestedo, solicita licenza para a celebración da Festa da Filloa, consistentes nunha carreira e unha festa gastronómica con verbena no lugar de Lestedo os días 13 e 14 de febreiro de 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Boletín eléctrico
- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade do escenario móbil
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

### RESOLVO:

1º Conceder ao presidente da Asociación Cultural da Filloa de Lestedo licenza para a realización da Festa da Filloa en Lestedo coas seguintes:

#### Día 13 de febreiro de 2016

IV Carreira da Filloa entorno a 200 participantes  
Escolares : 16:30 entorno campo de fútbol de Lestedo  
Absoluta: 17:00 con percorrido de 9,5 km. entorno do Pico Sacro

#### Día 14 de febreiro de 2016

Celebración Festa da Filloa  
Campo da feira de Lestedo  
Aforo entorno a 8.000 persoas  
13:00 I Gran desfile de Xenerais do Ulla  
13:30 Pregón  
Sesión vermut a cargo de charangas e da orquestra Marbella

17:00 Xenerais do Ulla

18:00 Verbena ao aire libre a cargo das orquestras Os Satélites e Marbella con remate ás 23:30 h.

Características dos escenarios : As 2 orquestras tráiler de 24x10x10.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 8 de febreiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

## DECRETO

Con data 4 de febreiro de 2016 e rexistro de entrada núm. 16/221, recibimos notificación da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia pola que se nos comunicaba que o día 4 de febreiro ábrese o prazo para solicitar as actividades de animación á lectura do programa "Ler conta moito 2016", dirixido a bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes e de aceptación das bases da convocatoria será do 4 ao 17 de febreiro, e que a vindeira Xunta de Goberno non será ata o 18 de febreiro, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno

Polo tanto, RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aceptar as bases e o sistema de xestión do citado programa e solicitar a súa participación no mesmo.
- 3.- Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte á porcentaxe da tarifa que lle corresponde ao concello.
- 4.- Solicitar as seguintes actuacións:

Programa	Artista	Espectáculo	Caché total (IVE incluído)	Achega da Secretaría Xeral de Cultura	Achega do concello de Boqueixón
Ler conta moito 2016	Títeres Cascaqueces (Lázaro Duyós Jordán)	Barriga Verde e o Muíño da Neboa	365 €	273,75€ (75%)	91,25 € (25%)
Ler conta moito 2016	A ill@ dos nen@s (Francisco José Otero Gutiérrez)	Divermaxia	220 €	165,00€ (75%)	55,00 € (25%)
Ler conta moito 2016	Trécola Teatro (Tegra Vázquez Carpentier)	Madame Bechamel e Signorina Bolognesa	250 €	187,50€ (75%)	62,50 € (25%)

- 5.- Comunicar esta resolución á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Boqueixón, 10 de febreiro de 2016

Ovidio Rosendo Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
C.P. 15881  
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

Na sesión plenaria do 25 de xuño do 2015 foi designado representante da Xunta de Compensación SAUI 2, don Jesús Sanjuás Mera.

A data actual, 11 de febreiro do 2016, está prevista a celebración do Consello Reitor do SAUI 2 para tratar os puntos que na convocatoria rexistrada o 5 de febreiro do 2016, número de entrada 16/241, se indican

Non podendo asistir, por motivos persoais o señor Sanjuás Mera a esta reunión da Xunta de Compensación

## RESOLVO:

Delegar o dereito de voto para o acto da citada reunión a favor de dona Cristina Carbajales Nouriño, traballadora do Concello de Boqueixón.

Boqueixón, 11 de febreiro do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: [correa@boqueixon.es](mailto:correa@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

**DECRETO**

Con motivo da realización da proba práctica para a contratación laboral de relevo para o posto de capataz de servizos por xubilación parcial, e tendo en conta que a maioría dos membros do tribunal non dispoñen de coñecementos necesarios sobre o funcionamento da maquinaria obxecto desta proba, **resolvo:**

1. Nomear a don Carlos Uzal Díaz asesor do tribunal para intervir e emitir o correspondente informe sobre a valoración da proba práctica, a realizar o día 12.02.2016 no lugar de Orto (Boqueixón).
2. Comunicar esta resolución a don Carlos Uzal Díaz, para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 11 de febreiro de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

### DECRETO:

Sendo necesario utilizar papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia, en número de dúas mil (2.000) follas, para proceder coa elaboración dos correspondentes libros de actas de xuntas de goberno local, de plenos e de resolucións da alcaldía, e cuxo importe ascende a un total de 133,14 euros ( 0,06657 euros prezo/folla), todo elo tendo en conta o disposto no Anexo 4, taxa de venda de bens da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CC AA de Galicia e o Decreto 418/2001, do 29 de novembro , polo que regula o papel numerado especial da CC AA de Galicia para uso das corporacións locais,

### RESOLVO:

- 1.-Autorizar o gasto correspondente á compra de papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia, en número de dúas mil (2.000) follas, para proceder coa elaboración dos correspondentes libros de actas de xuntas de goberno local, de plenos e de resolucións da alcaldía, por un importe total de 133,14 euros.
- 2.-Comunicar esta resolución á Tesourería municipal para que proceda a retirar os fondos polo importe sinalado.

Boqueixón, 11 de febreiro do 2016



Ovidio Rodeiro Tato



23  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## Servizo de Contratación

### RESOLUCIÓN ALCALDÍA

#### Adxudicación do informe pericial

O día 10 de febreiro enviouse solicitude de presuposto para a realización dun informe pericial, a 3 empresas capacitadas que foron as seguintes:

Tecnitasa

Tinsa

Arquitasa

Dito informe pericial é necesario para a adquisición dunha parcela situada no lugar do Forte, fronte á casa do concello, coa finalidade de acondicionala para posteriormente usala como aparcadoiro. No dito informe, farase constar, a valoración da parcela, superficie, descrición e xustificación da súa situación fronte á casa consistorial.

Con data 11 de febreiro presentou a súa proposta a Sociedade de Tasación Arquitasa por un importe de 435,60 euros, dos que 75,60 euros corresponden ó IVE.

Con data 12 de febreiro presentou a súa proposta a empresa Tinsa por un importe de 619,52 euros, dos que 107,52 euros corresponden ó IVE.

Con data 15 de febreiro presentou a súa proposta a empresa Tecnitasa por un importe de 544,5 euros, dos que 94,5 euros corresponden ó IVE.

Todas elas entregan o informe no prazo de 10 días.

Á vista dos presupostos e ante a urxencia de que sexan realizados os traballos para enviar a documentación á Deputación da Coruña, Resolvo:

1 Aceptar o presuposto enviado pola Sociedade de Tasación Arquitasa para realizar o informe pericial da valoración da parcela que se atopa fronte á casa consistorial por importe de 435,60 euros (IVE incluído)

2 Comunicar á empresa este acordo e facer a provisión de fondos do 50% do presuposto ( 217,80) tal e como se estipula na súa proposta.

Boqueixón, 16 de febreiro de 2016



Alcalde

vidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

24  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Pagamento de sanción a Augas de Galicia

Con data 22 de xaneiro de 2016, recibido no concello o 28 de novembro con rexistro de entrada número 16/149, foi notificado ao concello a proposta de resolución de data 18 de xaneiro de 2016 ditada polo instrutor do expediente de AUGAS DE GALICIA, en relación co vertido de augas residuais ao regato Tilleira, procedente das instalacións municipais do plan parcial SAUI-1

O Sr. Director de Augas de Galicia, declara responsable ao concello da comisión dunha infracción e impón unha sanción de 500 euros, baseándose no vertido de augas residuais ó regato Tilleira superando certos parámetros os límites impostos.

Esta resolución é comunicada a Espina y Delfin,SL, empresa que xestiona o servizo de sumidoiros, para que procedan co ingreso da cantidade imposta como sanción.

### RESOLVO

- 1.- Proceder ao aboamento de 500 euros a Augas de Galicia en concepto de sanción pola comisión dunha infracción leve.
- 2.- Comunicar a Espiña y Delfin S.L. que deberá ingresar na conta bancaria do concello número [REDACTED] o importe de 500 euros á maior urxencia posible a fin de efectuar o pagamento dentro do prazo concedido por Augas de Galicia.
- 3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 17 de febreiro de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

25

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es

### Resolución de alcaldía

Vista a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 248 do 30 de decembro de 2015), o concello de Boqueixón está a realizar o trámite de solicitude.

Dita Orde ten por obxecto subvencionar proxectos para a mellora dos servizos e o acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Segundo o artigo 3º das bases (anexo I) da citada Orde, no punto b.2 establece como tipoloxía das actuacións e gastos subvencionables, os colectores con verquido á depuradora municipal.

O artigo 4 das bases (anexo I). *Financiamento*. Con carácter xeral, a intensidade das axudas será dun 80 % do importe total considerado como subvencionable e cun máximo de 120.000 euros por solicitude. O artigo 3º das bases establece que se considera subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

Os proxectos a subvencionar ao abeiro desta convocatoria deberán desenvolverse ao longo do ano 2016.

O artigo 4º da Orde de convocatoria. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes* establece que o prazo de presentación de solicitudes será desde o 20 de xaneiro de 2016 ó 22 de febreiro de 2016, ambos os dous incluídos, e dado que o proxecto que esta entidade pretende realizar está elaborado polo Estudio Técnico Gallego, SA, sendo presentado nas oficinas do Concello de Boqueixón con data do 18 de febreiro de 2016 e dado que a Xunta de Goberno terá lugar o vindeiro 3 de marzo de 2016, e atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

### RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.

2.- Aprobar o **Proxecto de Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude**, e a **memoria técnica xustificativa da actuación que se vai desenvolver** e a **solicitud de subvención á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA** para emprender a actuación solicitada e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.

3.- Solicitar á **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA** unha subvención por importe de 74.638,91€, e aprobar o importe do proxecto **Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude** por importe 93.298,64€.


4.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da aportación municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 18.659,73€.

5.- Recoñecer que esta entidade posúe plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal se solicita a subvención.

6.- Comunicar este acordo á **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

En Boqueixon, 22 de febreiro de 2016

Don Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

26  
Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

### Resolución de alcaldía

Ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 publicada no DOG, núm. 248 de 30 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, e a Orde do 13 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 15 do 25 de xaneiro de 2016), os concellos de Vedra e Boqueixón están a realizar os trámites de solicitude dun Obradoiro de Emprego, denominado "*Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón 2016*".

Dito Obradoiro de Emprego terá 2 especialidades: "*Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería*" e "*Traballos de carpintería e moble*". O Obradoiro de Emprego ten un orzamento por importe de 373.575,38 € dos que Boqueixón terá que aportar 29.353,06 € e o Concello de Vedra 75.537,82 € e a Consellería de Economía, Emprego e Industria 268.684,50 €.

*Na disposición adicional. Prazo de solicitudes da citada Orde do 13 de xaneiro de 2016 (DOG nº 15 do 25 de xaneiro de 2016), establece que o prazo de presentación será dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación no DOG, polo tanto este prazo remata o 25 de febreiro de 2016 e dado que o proxecto que esta entidade pretende realizar está elaborado polo Estudio Técnico Gallego, SA, sendo presentado no Concello de Boqueixón con data do 22 de febreiro de 2016 e dado que a Xunta de Goberno tivo lugar o 19 de febreiro de 2016 e a seguinte ten lugar o 3 de marzo de 2016, polo tanto atendendo a que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,*

#### Resolvo:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2.- Aprobar o Convenio de colaboración dos concellos de Vedra e Boqueixón de solicitude, como concellos asociados, de axuda para a realización dun Obradoiro de emprego e aprobar o proxecto e a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- 3.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención por importe de 268.684,50 €, e aprobar o importe do proxecto de Obradoiro de emprego Vedra -Boqueixón 2016 por importe 373.575,38 €.
- 4.- Diposñer dos fondos necesarios para a execución do citado proxecto.
- 5.- Adquirir o compromiso de participar no financiamento da aportación municipal correspondente ó Concello de Boqueixón que ascende a 29.353,06 €.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

6.- Aprobar a seguinte anteprojecto para executar mediante o Obradoiro de Emprego denominado "Obradoiro de Emprego xardinería e carpintería" por importe de 29.353,06 € e que inclúe as seguintes actuacións:

As actividades da especialidade *Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería* desenvolveranse nos seguintes lugares do municipio:

Campo de fútbol de Camporrapado  
Área recreativa de Subcira  
Campo da Festa de Ledesma  
Área recreativa de Gastrar  
Campo da Festa de Gastrar  
Campo de Festa de Vigo  
Casa de Cultura de Camporrapado  
Carballeira de Rodiño  
Campo da Feira de Lestedo  
Pico Sacro  
Praza pública de Codeso  
Colexio e piscina municipal de O Forte

As actividades da especialidade de *Traballos de carpintería e moble* realizaranse nos seguintes lugares:

Centro de Interpretación dos Muíños e a área recreativa de Gastrar  
Local Social de Sergude  
Campo de Fútbol de Lestedo.

7.- Dispór das instalacións necesarias para a execución de ditos proxectos, así como da Casa de Cultura e o taller de carpintería de Camporrapado como locais para a impartición das accións formativas. Ditos locais reúnen as condicións de seguridade, habitabilidade, hixiénicas e acústicas esixidas pola vixente Lei.

8.- O Concello de Vedra asumirá a función de promotor e o Concello de Boqueixón de colaborador. A distribución de funcións realizarase según se recolle no convenio de colaboración asinado.

9.- Que atendendo a natureza xurídica e o réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no Concello de Boqueixón, solicitar as autorizacións administrativas ós organismos correspondentes.

10.- Facultar ó alcalde de Vedra para levar a cabo todos os trámites necesarios coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para o proxecto que nos compete.

11.- Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Boqueixón, 27 de febreiro de 2016

Don Ovidio Rodríguez Lago  
O alcalde de Boqueixón





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.L.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.es  
www.boqueixon.es

**APROBACION CERTIFICACIÓN OBRA DE ACONDICIONAMIENTO CUBERTA E INTERIORES DA CASA DE CULTURA DE CAMPORRAPADO**

Con data 3 de decembro 2014, por resolución da alcaldía aprobouse a memoria valorada denominada "acondicionamento da cuberta e interiores na casa da cultura de Camporrapado" por importe de 11.884,97 € é solicita o seu financiamento á deputación.

Posteriormente, a deputación comunica a resolución de concesión dunha subvención por importe de 4.294,04 €, e que o concello non está obrigado a facer ningún tipo de achega, polo que se decide solicitar ofertas a tres empresas para executar a obra correspondente por importe dos 4.294,04 €. As empresas consultadas foron: Hermanos Couto Fandiño; Oviga, S.L; Alcomte Galicia.

Por resolución de data 6 de xullo de 2015 adxudicouse o contrato a Oviga, S.L.

En xunta de goberno celebrada o 6 de agosto 2015, aprobouse a factura nº E00120/15 emitida por Oviga por importe de 4.294,04 € por a execución das obras de acondicionamento da cuberta e interiores na casa de cultura de Camporrapado.

Así mesmo, con data 30 de xullo de 2015, asinouse a certificación da execución da obra así como a correspondente acta de recepción.

Á vista do cal, e tendo en conta que dita certificación coincide en importe coa factura aprobada en xunta de goberno celebrada o 6 de agosto 2015. Tendo en conta, así mesmo, que por erro non foi aprobada nin a certificación final da execución das obras nin a súa recepción, **resolvo:**

1. Aprobar a certificación final das obras executadas de acondicionamento da cuberta e interiores na Casa da Cultura de Camporrapado por importe de 4.294,04 €.
2. Aprobar a acta de recepción de ditas obras.
3. Comunicar este acordo á empresa adxudicataria da mesma.

Boqueixón, 25 de febreiro de 2016



Mano de Tatiro Tato





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

28  
Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

### Resolución de alcaldía

Un vez rematado o prazo de reclamacións o día 24 de febreiro de 2016, correspondente ó proceso selectivo para a contratación dunha contratación laboral de relevo dun posto de capataz de servizos, por xubilación parcial, e non habéndose presentado ningunha reclamación,

### RESOLVO:

1 Aprobar a listaxe definitiva cos resultados acadados polos candidatos:


Nome e apelidos	Méritos	Proba teórica	Proba práctica	Puntuación final
AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO	5	8	6,25	19,25
FANDIÑO ABRALDES LUIS	5	6,40	8,75	20,15
PICO TRINIDAD DANIEL	4,80	6,40	0,75	Non superou a proba práctica
MIGUEZ REGUEIRO ANA	1	7,20	Non presentada	Non superou a proba práctica
MIGUEZ REGUEIRO DAVID	0	5,6	0,75	Non superou a proba práctica

2 Nomear como titular a FANDIÑO ABRALDES, JOSÉ LUIS e suplente a AGRELO GARCÍA JOSÉ OLIMPIO.

3 Proceder a publicar na taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Boqueixón a listaxe definitiva das puntuacións.

Boqueixón, o 25 de febreiro de 2016

Ovidio Rodeiro  
O alcalde de Boqueixón





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr.: [correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
WEB: [www.boqueixon.com](http://www.boqueixon.com)

**Resolución de alcaldía**

Unha vez publicada, o 25 de febreiro de 2016, a listaxe definitiva cos resultados acadados polos candidatos/as que participaron no proceso selectivo para a contratación laboral de relevo dun posto de capataz de servizos, por xubilación parcial, e cumprindo coa base undécima da convocatoria publicada deste proceso no BOP, núm. 17 con data do mércores 27 de xaneiro de 2016, que di que o prazo máximo de dous días seguintes ó da data de publicación definitiva da relación de seleccionados polo tribunal cualificador, o alcalde ditará resolución sobre a contratación do seleccionado,

**RESOLVO:**

Proceder á celebración dun contrato de relevo vinculado a unha xubilación parcial do traballador substituído, de conformidade coa lexislación vixente, e as condicións establecidas nas anteriormente citadas bases da convocatoria, con data do 1 de marzo de 2016 de FANDIÑO ABRALDES, JOSÉ LUIS, con DNI. [REDACTED].

Boqueixón, o 26 de febreiro de 2016



Ovidio Rodeiro Tato  
O alcalde de Boqueixón



Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**RESOLUCIÓN ALCALDÍA**

**Aprobación pagamento informe pericial**

Con data 16 de febreiro, o alcalde dita unha resolución na que adxudica a realización dun informe pericial da parcela, que este concello pretende adquirir mediante unha subvención nominativa, que a Deputación da Coruña concede no Plan PAS - Convenios.

O custo do informe, segundo o presuposto presentado pola Sociedade de Tasación Arquitasa é de 435,60 euros ( IVE incluído).

O día 17 de febreiro envíase a notificación da adxudicación dos traballos e tamén se efectúa o pagamento correspondente ó 50% da cantidade total en concepto de provisión de fondos, tal e como solicitaba a entidade.

O día 24 de febreiro, via correo electrónico, envían ó Servizo de Contratación, a comunicación de que o informe xa estaba feito e para que enviaran o orixinal, o concello debería facer o ingreso da cantidade que resta do total, é dicir, 217,80 euros.

Polo tanto, e debido a que urxe que envíen o orixinal para poder tramitar o expediente, Resolvo:

Aprobar a factura núm. 7007-16 expedida pola Sociedade de Tasación Arquitasa pola tasación do inmovible situado no lugar do Forte por importe de 217,80 euros.

Efectuar o pagamento e dar por finalizado este expediente.

Boqueixón, 26 de febreiro de 2016

O alcalde  
  
ALCALDÍA  
Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

**DECRETO:**

Tendo que pasar a ITV os vehículos municipais que se sinalan a continuación e cuxo importe total ascende a un total de 136,60 euros

**RESOLVO:**


1.-Autorizar o gasto correspondente a ITV dos seguintes vehículos:

<u>MATRICULAS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>
E2003BFV (Tractor)	
E3799BFV (Tractor)	
7822BFV (Remolque)	
	136,60 €

2.-Comunicar esta resolución á Tesourería municipal para que proceda a retirar os fondos polos importes sinalado.

Boqueixón, 26 de febreiro do 2016

O alcalde,



Ovidio Rodríguez Pato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

32  
Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## RESOLUCIÓN

En cumprimento do establecido na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro do Ministerio de Hacienda de Administracións Públicas polo que se desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

Tendo en conta que o referido marco presupostario xa está elaborado RESOLVO:

### 1- Aprobar o seguinte marco presupostario:

Ingresos/Gastos	Ano 2016 (en euros)	2,2 % taxa variación 2017/2016	Ano 2017 (en euros)	2,6 % taxa variación 2018/2017	Ano 2018 (en euros)	2,6 % taxa variación 2019/2018	Ano 2019 (en euros)
<b>Ingresos</b>	<b>3.128.195,78</b>	<b>2,20</b>	<b>3.196.950,08</b>	<b>2,60</b>	<b>3.279.992,79</b>	<b>2,60</b>	<b>3.365.194,60</b>
Correntes	2.566.180,43	2,20	2.622.636,40	2,60	2.690.824,95	2,60	2.760.786,40
Capital	559.015,35	2,20	571.313,68	2,60	586.167,84	2,60	601.408,20
Financeiros	3.000,00	0,00	3.000,00	0,00	3.000,00	0,00	3.000,00
<b>Gastos</b>	<b>3.128.195,78</b>	<b>2,18</b>	<b>3.196.391,84</b>	<b>2,58</b>	<b>3.278.760,28</b>	<b>2,58</b>	<b>3.363.270,30</b>
Correntes	2.504.805,43	2,20	2.559.911,15	2,60	2.626.468,84	2,60	2.694.757,03
Capital	595.015,35	2,20	608.105,69	2,60	623.916,44	2,60	640.138,27
Financeiros	28.375,00	0,00	28.375,00	0,00	28.375,00	0,00	28.375,00
<b>Saldo operacións no financeiras</b>	<b>25.375,00</b>		<b>25.933,24</b>		<b>26.607,51</b>		<b>27.299,30</b>
Axustes para o cálculo de cap. o neces. Financ. SEC95	0,00		0,00		0,00		0,00
<b>Capacidade ou necesidade de financiamento</b>	<b>25.375,00</b>		<b>25.933,24</b>		<b>26.607,51</b>		<b>27.299,30</b>
<b>Débeda viva a 31/12</b>	<b>505.487,36</b>	<b>- 8,52</b>	<b>462.412,24</b>	<b>-9,32</b>	<b>419.337,12</b>	<b>-10,27</b>	<b>376.262,00</b>
A corto prazo							
A largo prazo	505.487,36	-8,52	462.412,24	-9,32	419.337,12	-10,27	376.262,00
Ratio Débeda viva/Ingresos correntes	0,20	-10,00	0,18	-11,11	0,16	-12,50	0,14

Estimación importes:

	Ano 2016			Taxa variación	Ano 2017			Taxa variación
	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total	2016/2017	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total	2017/2016
Passivos contingentes								
Avais concedidos								
Préstamos morosos								
Garantías								
Por sent. ou expropiac								
Outros								
<b>Total</b>								

	Ano 2018			Taxa variación	Ano 2019		
	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total	2018/2017	Non inc. en pres.	Inc. en presup.	Total
Passivos contingentes							
Avais concedidos							
Préstamos morosos							
Garantías							
Por sent. ou expropiac							
Outros							
<b>Total</b>							

2. Remitir estas informaciones sobre o marco presupostario ó MIHAP

Boqueixón, 26 de febreiro do 2016

O alcalde





**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
C.I.F.: P-1501200-H

### **Servizo de Contratación**

#### **Aprobación participación no Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016. Aprobación do proxecto.**

Con data 3 de febreiro de 2016, tivo entrada no rexistro municipal a resolución pola que se aproba o Plan marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ó abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Como novidade máis destacable este ano modificouse a natureza das actuacións esixibles, que nesta convocatoria quedan circunscritas a camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria.

Para participar neste plan, este concello elabora un proxecto no que recolle tres actuacións por un importe total de 74.208,09 euros ( IVE incluído) :

Camiño cruce de Carabán a Cruce de Lamas  
Camiño igrexa Lestedo a Xulián (Rubial)  
Camiño Piñeiro de Arriba

O importe do IVE non será subvencionable en ningún caso, polo tanto a cantidade obxecto da subvención é 61.329,00 euros que coincide coa asignada polo organismo AGADER para este concello.

No orzamento aprobado para o ano 2016, consignouse na partida 414.600.00 cantidade suficiente para facer fronte a achega municipal que neste caso será o importe do IVE, 12.879,09 euros.

O prazo para entregar a documentación remata o vindeiro día 3 de marzo, polo tanto é preciso aprobar o proxecto e a documentación que se debe achegar para a tramitación da subvención, polo tanto Resolvo:

1 Avocar o coñecemento deste asunto, segundo o estipulado no art. 14 da LXPAC , por circunstancias de tipo técnico.

2 Aprobar a participación no Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

3 Aprobar o proxecto denominado " Camiño cruce de Carabán a cruce de Lamas e outros" por importe de 74.208,09 euros

4 Acreditar que os camiños son de titularidade municipal

5 Acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras

6 Enviar a documentación para o organismo AGADER

Boqueixón, 29 de febreiro de 2016

O alcalde



Rodrigo Rodeiro Tato





CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón  
Teléfono: 981- 51 30 61  
Fax: 981- 51 30 00  
C.I.F.: P-1501200-H  
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

## DECRETO

No DOGA nº 39 do 26 de febreiro de 2016, saíu publicada a Resolución do 17 de febreiro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

Tendo en conta que se establecen as bases reguladoras da subvención en réxime de concorrència non competitiva, que a próxima Xunta de Goberno Ordinaria non se celebra ata o 3 de marzo, e que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

- 1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto por razón técnicas.
- 2.- Aprobar a solicitude á Axencia de Turismo de Galicia dunha subvención para o gasto realizado na promoción e difusión da XXXIII Festa da Filloa de Lestedo, o cal implica o coñecemento e aceptación das bases reguladoras establecidas na Resolución do 17 de febreiro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, así como a aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Resolución, co seguinte orzamento:

CONCEPTOS	GASTO
Mandiles e Gorros de Honra	260 €
Cuñas radiofónicas (Cope, Cadena 100, Radio Obradoiro)	3.706,5 €
Prensa escrita ( O Correo Galego, A Voz de Galicia)	1.221€
<b>GASTO TOTAL</b>	<b>5.187,5 €</b>

- 3.- Aprobar a Memoria Explicativa do proxecto de "Promoción e difusión da XXXIII Festa da Filloa de Lestedo 2016"
- 4.- Aprobar a solicitude de colaboración económica da entidade Abanca de 1.500 €, que se formalizaría mediante convenio a tres entre Abanca, Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Boqueixón, tal e como se recolle no apartado 4 da citada Orde de convocatoria. Esta achega da Abanca é independente e complementaria da subvención que se pode recibir ao abeiro da resolución da Axencia de Turismo de Galicia.
- 5.- Financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado.
- 6.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

Boqueixón, 29 de febreiro de 2016

O alcalde

  
Ovidio Rodríguez Pato

